EXPEDIENTE 2026/G010/000011. PLENO SESIÓN ORDINARIA 8 DE OUTUBRO DE 2026.

ACTA Nº 2026/11

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 8 de outubro de 2026
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 21.33 horas

PRESIDE:

REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUÁREZ MILLÁN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

AUSENCIAS:

JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

Por parte da Presidencia, explícase que o Sr. Alcalde non pode asistir e presidir o Pleno por mor dunha reunión que tivo en A Coruña e non lle da tempo a chegar a sesión.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000010. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 15 de setembro de 2026. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2025/A008/000057. Rehabilitación de escola infantil para vivenda no lugar de As Goritas, Concello de Touro. (POS Adicional 4/2025). Aprobación modificado de proxecto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

3 EXPEDIENTE 2026/G016/000001. Ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga municipal. Modificación do artigo 28 (tarifas para o ano 2027).

4 EXPEDIENTE 2026/T017/000001. Conta Xeral 2025. Aprobación.

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2026/G006/000236. Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de setembro e o 4 de outubro de 2026.

6 Mocións

6.1. Moción do grupo Municipal do BNG para a mellora do transporte público.

6.2. Moción do grupo Municipal do BNG para o estudo da municipalización do servizo de subministro de auga

7 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000010. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 15 DE SETEMBRO DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

15.09.2026. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 15 de setembro de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A acta resultou aprobada pola unanimidade dos dez concelleiros que asisten á sesión (4 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), sendo once o seu número legal de membros.

2 EXPEDIENTE 2025/A008/000057. REHABILITACIÓN DE ESCOLA INFANTIL PARA VIVENDA NO LUGAR DE AS GORITAS, CONCELLO DE TOURO. (POS ADICIONAL 4/2025). APROBACIÓN MODIFICADO DE PROXECTO.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 5 de outubro de 2026, que foi obxecto de exposición por parte da Presidencia, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

Primeiro. 23.12.2025 Acordo Plenario Aprobación polo que se acordou:

PRIMEIRO. Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

CVD: QrRfwPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamentos dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	***Financiamento dos investimentos***				
	Deputación	***Concello***			***Orzamento total***
		Achega municipal	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	
Mellora pista Andeade- Santaia	*77.595,19 €*	*12.404,80 €*		*12.404,80 €*	*89.999,99 €*
Rehabilitación de escola infantil para vivenda no Concello de Touro	*169.937,68 €*	*0,00 €*		*0,00 €*	*169.937,68 €*
TOTAL	***247.532,87 €***	***12.404,80 €***		***12.404,80 €***	***259.937,67 €***

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

SEGUNDO. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Segundo. 06.05.2026 BOP núm. 83 no que se publica oa cordo do Pleno da Deputación de 29/04/2026 de aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 4/2025 para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles.

Terceiro. 21.08.2026 Recibiuse comunicación da Deputación no que se fai constar
Revisada a documentación presentada por ese concello, atopáronse as deficiencias que deseguido se indican:

1.- PROXECTO OU PREGO

O proxecto correspondente a este investimento foi supervisado polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 3 de novembro de 2025 un informe desfavorable que se transcribe a continuación:

[...] Examinada a documentación en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; demais concordante), e a Base 5.B.2.1.- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas do POS+2025 (BOP nº 233 do 03/12/2024), emítese informe desfavorable por considerar que non se cumpren os requisitos esixidos ao respecto.

Deberá emendarse os seguintes aspectos:

• Orzamento:

Segundo o artigo 126 do Regulamento aprobado polo RD 1098/2001:

"Los proyectos a que se refiere el artículo 124.2 de la Ley deberán contener, como requisitos mínimos, un documento que defina con precisión las obras y sus características técnicas y un presupuesto con expresión de los precios unitarios y descompuestos"

Deben incorporarse ao proxecto os prezos da man de obra, maquinaria e materiais.

• Xestión de residuos:

Segundo o artigo 4 do Real Decreto 105/2008, de 1 de febrero, por el que se regula la producción y gestión de los residuos de construcción y demolición:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

"1. Además de los requisitos exigidos por la legislación sobre residuos, el productor de residuos de construcción y demolición deberá cumplir con las siguientes obligaciones: a) Incluir en el proyecto de ejecución de la obra un estudio de gestión de residuos de construcción y demolición, que contendrá como mínimo [...] "

Debe incorporarse ao proxecto un estudio de xestión de residuos co contido sinalado no citado artigo do RD 105/2008.

• Accesibilidade:

Debe xustificarse o cumprimento do Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Decreto 35/2000; segundo o artigo 63 do Regulamento (D 35/2000):

1. Os concellos e a Administración autonómica, no ámbito das súas respectivas competencias, esixirán e verificarán o cumprimento do disposto na Lei 8/1997 e no presente regulamento, nas aprobacións de instrumentos urbanísticos e no outorgamento de licencias, autorizacións e cualificacións de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública.

2. Para estes efectos, os distintos instrumentos urbanísticos, así como os proxectos de edificación ou construción, deberán facer contar expresamente na súa memoria o cumprimento da Lei 8/1997 e deste regulamento sinalando as determinacións normativas de aplicación e as solucións adoptadas para lles dar cumprimento a elas.[...]"

Debe xustificarse o cumprimento do documento básico sua 9, accesibilidade.

• Habitabilidade:

Debe completarse a xustificación do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. A documentación debe permitir a verificación do seu cumprimento. Segundo o artigo 5 do Decreto 29/2010:

"1. Os proxectistas, de acordo co artigo 6.1.4 do Real decreto 314/2006, polo que se aproba o Código técnico da edificación, deberán incorporar na memoria dos seus proxectos unha memoria específica sobre o cumprimento das normas reguladas neste decreto. […]

Cuarto. 03.09.2026 Por parte do equipo redactor, presentou ao Concello o proxecto modificado coa corrección das emendas anteriormente referidas supoñendo un incremento orzamentario do mesmo pasando de 169.937,68 € a 173.395,49 €.

Quinto. 16.09.2026 Ten entrada no Rexistro do Concello comunicación por parte da Deputación onde consta:

O proxecto modificado correspondente a este investimento foi supervisado polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 14 de setembro de 2026 un INFORME FAVORABLE polo que é necesario que se achegue a seguinte documentación para continuar coa súa tramitación:

-Aprobación, polo órgano municipal competente, deste último proxecto modificado.

- Informe técnico de cumprimento das condicións contidas en todas as autorizacións necesarias onde se diga que o último proxecto presentado cumpre coas ditas condicións e que non é necesario a súa modificación.

- Documento contable da existencia de crédito no orzamento municipal para asumir o incremento orzamentario.

Sexto. Consta no expediente informe favorable da Axencia Galega de Infraestruturas (Expediente nº: IF204A/AC/2025/1465), de Augas de Galicia (Clave DH.W15.113591) e da Consellería do Medio Rural (Ref. Expte.: 2025/3559087).

Sétimo. Consta no expediente certificado de existencia de crédito na bolsa de vinculación da partida 1521.63200 por importe de 3.457,75 € para facer fronte a achega municipal derivada do incremento do importe total do proxecto.

Ao abeiro do referido anteriormente proponse ao pleno da Corporación.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto modificado Rehabilitación de escola infantil para vivenda no lugar de As Goritas, Concello de Touro, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025", por importe de 173.395,43 €.

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de aprobación do modificado de proxecto de Rehabilitación de escola infantil para vivenda no lugar de As Goritas, Concello de Touro, incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025", resultando aprobada pola maioría absoluta por seis votos a favor (4 concelleiros do PP, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito) e catro votos en contra (3 concelleiros de MVXT e o concelleiro do PG), sendo once o número legal de membros.

3 EXPEDIENTE 2026/G016/000001. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE ABASTECEMENTO DE AUGA MUNICIPAL. MODIFICACIÓN DO ARTIGO 28 (TARIFAS PARA O ANO 2027).

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 5 de outubro de 2026, que foi obxecto de explicación por parte do secretario-interventor, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

09.10.2025. Aprobación polo Pleno do Concello da Modificación da Ordenanza taxa abastecemento auga municipal, (tarifas do servizo de abastecemento para o ano 2026).

11.12.2025. BOP núm. 237 Publicación da Ordenanza taxa abastecemento auga municipal, (tarifas do servizo de abastecemento para o ano 2026).

28.09.2026 Documentación presentada pola concesionaria da xestión integral do servizo público de abastecemento de auga ó municipio de Touro, Espina y Delfín, S.L. relativa ao novo cadro de tarifas para o ano 2027.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRA. Normativa aplicable

a) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
b) Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
c) Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (artigo 123 e concordantes).
d) Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
e) Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
f) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
g) Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).

SEGUNDA. **Procedemento de modificación das ordenanzas fiscais.**

As ordenanzas fiscais teñen o obxectivo de regular a imposición e ordenación dos tributos municipais; acordar a imposición, modificación ou supresión dos tributos propios é unha competencia municipal (artigo 15 do TRLRFL)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: QrRfwPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este concello a potestade regulamentaria e de auto organización así como a modificación das ordenanzas reguladoras.

A aprobación das ordenanzas locais axustarase ao procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril e no artigo 17 da Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no que as ordenanzas fiscais se refire.

Para a modificación das ordenanzas terán que observarse os mesmos trámites que para a súa aprobación (artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril).

O acordo de aprobación inicial e, no seu caso, de aprobación definitiva da modificación da ordenanza corresponde ao pleno do Concello, sen quórum especial (artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 47 da mesma norma); e artigo 107.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo.

TERCEIRA. Referencia ao trámite de participación cidadá na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Conforme coa sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio (BOE do 22 de xuño), os artigos 132 e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, relativos á "*planificación normativa*" e "*participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei*", respectivamente, foron declarados contrarios ao orde constitucional. En consecuencia, para a aprobación ou modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais, os concellos non terán que abordar os ditos trámites.

CUARTA. Entrada en vigor e vixencia.

A aprobación ou modificación dunha ordenanza non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2. Lei 7/1985, do 2 de abril (artigo 70.2 da mesma norma).

A vixencia das ordenanzas e regulamentos municipais é indefinida e se manteñen en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

QUINTA. Contido material da modificación da ordenanza proposta.

Ten por obxecto adaptar a taxa pola prestación do servizo á variación do IPC no período decembro-2023/decembro-2024, que ascende segundo o INE ao 2,80 por cento.

Proponse modificar o artigo 28 da ordenanza reguladora para adaptar a taxa pola prestación do servizo á variación do IPC no período decembro-2023/decembro-2024, que ascende segundo o INE ao 2,80 %.

Propóñense as seguintes modificacións da ordenanza:

Artigo	Redacción actual	Redacción proposta
28	**A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:**	**A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:**
	- Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,5290 €/ m³.	- Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,5443 €/ m³.
	- De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,6105 €/ m³.	- De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,6282 €/ m³.
	- Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,8138 €/ m³.	- Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,8374 €/ m³.
	Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.	Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.
	Modificación importes relativo as acometidas e contadores que se prevén no artigo 28 da Ordenanza.	**Modificación importes relativo as acometidas e contadores que se prevén no artigo 28 da Ordenanza.**

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga municipal para o ano 2027 segundo o IPC cuxo texto íntegro figura como anexo.

SEGUNDO. Iniciar un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Elevar a definitivo o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.

CUARTO. Facultar o alcalde do concello para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ABASTECEMENTO DE AUGA MUNICIPAL A DOMICILIO

Artigo 1.º De conformidade co previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais este Concello establece a taxa polo subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.º. As concesións de auga faranse aos propietarios de fincas urbanas, aos arrendatarios ou a calquera usuario, sempre que estean autorizados para introducir a auga nos edificios que ocupan polos donos dos mesmos.

Artigo 3.º As concesións faranse a título persoal, previo pago das tarifas vixentes.

Artigo 4.º- Non se farán concesións gratuítas aos particulares, corporacións, institucións, organismos oficiais ou outros similares.

Artigo 5.º A auga subministrarase mediante contador, que medirá en volumes a cantidade consumida, que será a que o abonado deba pagar segundo as taxas desta Ordenanza, partindo dun mínimo igual para tódolos usuarios.

Artigo 6.º As concesións de auga serán para usos domésticos ou industriais, entendéndose por tales: bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo persoal e outras similares.

Artigo 7.º As concesións de auga coa rede xeral serán autorizadas pola Xunta de Goberno Local, previa solicitude do interesado, e serán realizadas única e exclusivamente polo persoal encargado de dita xestión polo Concello.

Artigo 8.º Desde a peza de toma colocada no ramal correspondente da rede do abastecemento, a instalación farase polo Concello, sendo de conta do abonado o custo correspondente da instalación e conservación.

Artigo 9.º O Concello, en evitación de abusos, poderá exercer unha vixilancia sobre tubaxes, aparatos de condución e media de auga. O persoal encargado do servizo de augas estará autorizado para entrar nas fincas e inspeccionar e practicar os recoñecementos que xulguen convenientes.

Artigo 10.º Tódalas concesións faranse polo sistema de contador, podendo os abonados establecer no interior das súas fincas, despois do contador, o número de billas que consideren convenientes.

Artigo 11.º O contador de auga será propiedade do abonado, convenientemente verificado pola Delegación de Industria da Provincia.

Artigo 12.º En cada toma de auga instalarase unha chave de paso, que só poderán manexar os encargados do servizo. Os abonados faranse cargo dos gastos de conservación e reparación de dita

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

chave. En caso de avaría na toma de auga, o Concello poderá ordenar o seu precintado de forma temporal.

Artigo 13.º Os usuarios no poderán vender nin ceder gratuitamente a auga a terceiras persoas, aínda que sexa para dedicar ó mesmo uso para o que se ten concedida.

Artigo 14.º As concesións de auga van unidas ás fincas que as desfrutan, non podendo, por tanto, transferirse dunha a outra, nin en parte nin na súa totalidade.

Artigo 15.º Os abonos comezarán a contar desde o día no que empece a correr a auga pola tubaxe do abonado.

Artigo 16.º O usuario poderá causar baixa cando o desexe, solicitando nas oficinas municipais a baixa correspondente, momento no que procederán os encargados do servizo a cortar o subministro.

Artigo 17.º O abonado ou os seus herdeiros serán responsables do pago da cota. No caso de baixa, o pago terá efecto ata o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 18.º A tarifa da auga ten un mínimo mensual de consumo de dez metros cúbicos.

Artigo 19.º No caso de avaría do contador, durante o tempo no que estea inutilizado calcularase o consumo en base ó gasto habido na mesma finca en igual época dos anos anteriores. Esta circunstancia notificarase ó abonado por escrito, dándolle un prazo de 15 días para solicitar o cambio de contador, e a substitución correrá por conta do abonado.

Artigo 20.º Os abonados que alteren o funcionamento dos contadores para obter un maior volume de auga do que os aparatos sinalan, pagarán una multa de trinta euros, e ademais, o triplo da tarifa mensual a partir do día no que os empregados do servizo efectuaron o último control ata que se advertiu o fraude.

Artigo 21.º A falta de pago do recibo trimestral leva consigo a suspensión automática do subministro de auga sen previo aviso ó usuario. Igualmente, suspenderase o servizo en caso de que fora negada a entrada no domicilio ó encargado das visitas de inspección oficial.

Artigo 22.º As solicitudes para conectar na rede xeral do abastecemento de auga potable dirixiranse á Alcaldía e pasarán á aprobación da Xunta de Goberno Local, sendo de conta do solicitante o importe dos materiais, as obras de apertura e peche de gabias, colocación de tubaxes arqueta para rexistro. Tódalas obras necesarias serán realizadas polos encargados do servizo de augas no seu caso.

Artigo 23.º Os recibos pagaranse trimestralmente de acordo coas indicacións do contador.

Artigo 24.º Os abonados serán responsables dos danos ou prexuízos que a existencia das tubaxes poida causar a terceiros.

Artigo 25.º Se o caudal das augas experimentara variacións por razóns climatolóxicas ou outras de forza maior, non darán dereito esta circunstancia aos abonados para que reclamen cantidade algunha a título de indemnización polos danos sufridos.

Artigo 26.º Cando o abonado observe variacións ou deficiencias no subministro, deberá dar conta con rapidez ao Concello ou ao servizo de augas.

Artigo 27.º Cando as circunstancias técnicas ou climatolóxicas así o impoñan, pola Alcaldía poderase cortar o subministro ou regular o seu uso de forma temporal.

Artigo 28.º A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas seguintes:

☐ **Tarifas do servizo de abastecemento**

- Mínimo ata 30 m³ por abonado ao trimestre: 0,5443 €/ m³
- De 31 m³ a 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,6282 €/ m³
- Máis de 45 m³ por abonado ao trimestre: 0,8374 €/ m³

Estas tarifas incrementaranse conforme ao establecido na lei co IVE que corresponda en cada momento.

☐ **Acometidas e contadores**

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

1. **Acometidas de abastecemento.**

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5 metros de lonxitude máxima (1 a 5 metros).

MATERIAIS
- Ud. Collarín de toma.
- Ud. De enlaces.
-Tubería P.E.B.D. 1 a5 metros
- Ud. Chave da paso.
- Tapa de fundición de 15 x 25 cm.

OBRA CIVIL
- Ud. De arqueta para colocación de tapa de 15 x 25
- 1 a 5 m .l. de zanja (apertura, peche e reposición de pavimento).

Fanse presos diferentes dependo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanxa. (materiais: 40 % + man de obra 60 %).

ACOMETIDA	TERRA (A)	ASFALTO (B)	BALDOSA-ACERA (C)
¾"	290,83	326,33	356,67
1"	309,01	350,77	372,23
1¼"-1½"	340,04	378,74	415,23
2"	374,74	411,63	449,95

Incremento do prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 metros.

ACOMETIDA MÁIS DE 5 METROS	¾ "	1"	1¼"-1½"	2"
(A) Incremento € x m.	13,06	15,21	21,77	36,45
(B) Incremento € x m	28,66	30,86	37,39	52,02
(C) Incremento € x m	34,40	36,60	43,04	57,75

2. Contadores

2.1 Instalación de contadores en batería ou similar

- Contador
- Válvula antiretorno
- Pezas conexión
- Prezo contador instalado.

- Contador de 15 mm 102,85 €/ud
- Contador de 20 mm. 120,04 €/ud

2.2 Instalación de contador de diámetro superior a 20 mm.
Para contadores de diámetros superiores farase presuposto previo.

2.3. Tarifas de contadores sen colocación

13/15 mm.....64,20 Euros/unidad

20 mm.....89,22 Euros/unidad

25 mm.....145,25Euros/unidad

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

30 mm.....203,09 Euros/unidad

40 mm.....314,90 Euros/unidad

50 mm.....687,85 Euros/unidad

65 mm.....852,76 Euros/unidad

2.4. Desprecintado de contador
Por desprecintado de contador precintado por baixa voluntaria ou corte de subministro: 23,83 €/ud.

2.5. Conexión a rede de abastecemento e precintado de racores
Racores de contadores instalados por persoal alleo ao servizo de augas: 23,71 €/ud.

2.6. Prezo por comprobación de contador do abonado con contador patrón.
A petición do abonado: por comprobación da medición do contador do abonado con contador patrón 23,58 €/ud.

2.7. Gestión de cobro a impagados.
Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago 5,41 €/ud.

As anteriores tarifas non inclúen o I.V.E.

Disposición final. Esta Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2027, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de aprobación da modificación do artigo 28 da Ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga municipal -tarifas para o ano 2027, resultando aprobada pola unanimidade dos dez concelleiros que asisten á sesión (4 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), sendo once o seu número legal de membros.

4 EXPEDIENTE 2026/T017/000001. CONTA XERAL 2025. APROBACIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 5 de outubro de 2026, que foi obxecto de explicación por parte do secretario-interventor, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

- EXPEDIENTE 2026/T019/000001. Liquidación do orzamento correspondente ao exercicio de 2025.

- Decreto da Alcaldía n.º 130/2026 do 21.04.2026, polo que se aproba a liquidación do orzamento do ano 2025, que amosa a existencia dun remanente de tesourería para gastos xerais de 1.933.855,25 €.

- Expediente 2026/T017/000001 incoado para aprobar a Conta Xeral da Entidade Local Concello de Touro onde conta:

  - Dictame da Comisión Especial de Contas (01.09.2026).
  - Exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, nº 171 de data 8 de setembro de 2026.
  - Certificado de secretaría-intervención onde consta a non presentación de alegacións, observacións, reparos ou observacións algunha.

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

- Artigos 22.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Artigos 191 a 193 (liquidación de orzamentos) e 208 a 212 (conta xeral) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL, en adiante).
- Artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- Regras 44 e seguintes da Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.
- Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.
- Orde EHA/3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- Resolución do 1 de xuño de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno de 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición
- Resolución de 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se Ditan Medidas para o Desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).
- Regulamento Nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (SEC-2010), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Cumprida a tramitación prevista TRLRFL e no informado pola secretaría-intervención (informe de 25 de xuño de 2025) a Conta Xeral debe someterse ao Pleno da Corporación para súa aprobación antes do día 1 de outubro, polo que se realiza a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Someter a aprobación da Conta Xeral da Entidade Local do Concello de Touro correspondente ao ano 2025, nos termos que coa documentación que consta no expediente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

SEGUNDO. Remitir ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 10 de marzo de 2020 pola que se ordena a publicación do Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no Acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición. (DOG nº 54 de 10 de marzo de 2020).

En relación co formato, terase en conta a Resolución de 22 de decembro de 2022, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se modifica o formato das contas anuais consolidadas previsto na Resolución de 13 de novembro de 2015, pola que se recomenda un novo formato normalizado da Conta Xeral das Entidades locais en soporte informático para a súa rendición. (BOE nº 3 de 4 de xaneiro de 2023).

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de aprobación da Conta Xeral do exercicio 2025, resultando aprobada pola unanimidade dos dez concelleiros que asisten á sesión (4 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), sendo once o seu número legal de membros.

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2026/G006/000236. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 10 DE SETEMBRO E O 4 DE OUTUBRO DE 2026.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de setembro e o 4 de outubro de 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de setembro e o 4 de outubro de 2026.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000347	EXPEDIENTE 2026/E001/000012. Procedemento de selección alumnos-traballadores Obradoiro Dual de Emprego "Touro- Boimorto- O Pino". Resolución expediente desconto de haberes por incumprimento.	332/2026	10-09-2026
2026/G003/000348	EXPEDIENTE 2026/G010/000010. Pleno sesión ordinaria 15 de setembro de 2026. Convocatoria.	333/2026	10-09-2026
2026/G003/000349	EXPEDIENTE 2026/S002/000065. Solicitude incremento de horas de SAF	334/2026	10-09-2026
2026/G003/000350	EXPEDIENTE 2026/E001/000011. Procedemento de selección auxiliar administrativo/a Obradoiro Dual de Emprego Touro-Boimorto-O Pino. Lista defintiva de persoas admitidas e excluídas e data celebración proceso de selección.	335/2026	11-09-2026
2026/G003/000351	EXPEDIENTE 2026/G003/000351. Delegación das funcións da alcaldía dende o 16 de setembro ao 25 de setembro de 2026, ambos os dous incluídos.	336/2026	14-09-2026
2026/G003/000353	EXPEDIENTE 2026/Q001/000009. Reclamación por danos causados en finca privada en Dioño por labores de desbroce municipal.	337/2026	14-09-2026
2026/G003/000352	EXPEDIENTE 2026/Q001/000007. Reclamación por danos causados no cristal dun vehículo por labores de desbroce municipal.	338/2026	14-09-2026
2026/G003/000354	EXPEDIENTE: 2026/G003/000354. Pago taxas por actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público	339/2026	15-09-2026

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	hidráulico e na súa zona de policía, dos proxectos incluídas no POS ADICIONAL 2/2026 2ª fase.		
2026/G003/000355	EXPEDIENTE 2026/S002/000066. Modificación Servizo Axuda no Fogar	340/2026	15-09-2026
2026/G003/000356	EXPEDIENTE 2026/A008/000033. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+Adicional 2/2026". Resolución sobre a non división en lotes dos investimentos propostos para súa inclusión no Plan único de concellos POS+ Adicional 2/2026.	341/2026	16-09-2026
2026/G003/000357	EXPEDIENTE 2026/A008/000043. Axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2026/27, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D). Solicitude de subvención.	342/2026	16-09-2026
2026/G003/000358	EXPEDIENTE 2025/I002/000018. Limpeza de finca para prevención de incendios forestais no lugar de O Coto de Millán, San Miguel de Vilar. Referencia catastral 15086A08900081.	343/2026	16-09-2026
2026/G003/000359	EXPEDIENTE 2026/S001/000008. Baixa de servizo de Xantar na casa	344/2026	17-09-2026
2026/G003/000360	EXPEDIENTE 2026/T002/000019. Modificación de créditos. XERACIÓN DE CRÉDITO INVESTIMENTOS POS ADICIONAL 2/2026 (1ª fase).	345/2026	17-09-2026
2026/G003/000361	EXPEDIENTE 2026/S002/000067. Alta Servizo Axuda no Fogar dependencia.	346/2026	18-09-2026
2026/G003/000362	EXPEDIENTE 2026/C009/000002.Adquisición a título oneroso dunha parcela na contorna da Casa do Concello. Resolución inicio procedemento para a adquisición directa.	347/2026	21-09-2026
2026/G003/000363	EXPEDIENTE 2026/G007/000017. Xunta Goberno Local ordinaria 24 de setembro de 2026. Convocatoria.	348/2026	23-09-2026
2026/G003/000364	EXPEDIENTE 2026/E001/000011. Procedemento de selección auxiliar administrativo/a Obradoiro Dual de Emprego Touro-Boimorto-O Pino. Pago asistencias Tribunal selección.	349/2026	23-09-2026
2026/G003/000365	EXPEDIENTE 2026/E001/000011. Procedemento de selección auxiliar administrativo/a Obradoiro Dual de Emprego Touro-Boimorto-O Pino.Declaración proceso deserto.	350/2026	23-09-2026
2026/G003/000367	EXPEDIENTE 2026/S002/000068. Baixa Servizo Axuda no Fogar.	351/2026	18-09-2026
2026/G003/000370	EXPEDIENTE 2025/P001/000001. Responsabilidade patrimonial por danos causados no vehículo por mor das labores de limpeza das beirarúas.	352/2026	23-09-2026
2026/G003/000366	EXPEDIENTE 2026/G003/000304 Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de setembro 2026)	353/2026	23-09-2026
2026/G003/000368	EXPEDIENTE 2026/G003/000368 Juan Ramón López Tojo. Recoñecemento de produtividade (mes de setembro 2026)	354/2026	23-09-2026
2026/G003/000371	EXPEDIENTE 2026/G003/000371. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de setembro de 2026	355/2026	24-09-2026
2026/G003/000369	EXPEDIENTE 2026/G003/000369. Quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de stembro de 2026	356/2026	24-09-2026
2026/G003/000372	EXPEDIENTE 2026/E001/000012. Procedemento de selección alumnos-traballadores Obradoiro Dual de Emprego "Touro- Boimorto- O Pino". Resolución expediente 2º desconto de haberes por incumprimento.	357/2026	25-09-2026
2026/G003/000373	EXPEDIENTE 2026/S001/000010. Solicitude do Programa Xantar na Casa	358/2026	25-09-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2026/G003/000375	EXPEDIENTE 2026/X999/000072. Aprobación nóminas setembro 2026	359/2026	29-09-2026
2026/G003/000374	EXPEDIENTE 2026/S001/000008. Solicitude de Programa de Xantar na casa	360/2026	29-09-2026
2026/G003/000376	EXPEDIENTE 2026/S002/000069. Baixa Servizo Axuda no Fogar	361/2026	29-09-2026
2026/G003/000377	EXPEDIENTE 2026/S002/000070. Modificación Servizo Axuda no Fogar	362/2026	30-09-2026
2026/G003/000378	EXPEDIENTE 2026/G012/000007. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión ordinaria do 5 de outubro de 2026. Convocatoria.	363/2026	30-09-2026
2026/G003/000379	EXPEDIENTE 2026/X999/000073. OFI Facturas tratamentos preventivos de xeito mecanizado. Convalidación.	364/2026	30-09-2026
2026/G003/000380	EXPEDIENTE 2026/G003/000380. Dietas por asistencias ás sesións dos órganos colexiados municipais durante o terceiro trimestre de 2026.	365/2026	01-10-2026
2026/G003/000381	EXPEDIENTE 2026/A008/000023. Axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, á recuperación e á rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede Natura 2000, nos parques naturais e nas reservas da biosfera de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento MT814B). Aprobación conta xustificativa subvención.	366/2026	01-10-2026
2026/G003/000383	EXPEDIENTE 2026/S002/000072. Alta Servizo Axuda no Fogar.	367/2026	01-10-2026
2026/G003/000382	EXPEDIENTE 2026/S002/000071. Alta Servizo Axuda no Fogar.	368/2026	01-10-2026

O Pleno dase por enterado.

6 MOCIÓNS.

6.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO.

O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao defendeu e expuxo a Moción para a mellora do transporte público. onde consta o seguinte tenor literal

Tras finalizar os estudos obrigatorios, os e as estudantes que viven no concello optan maioritariamente por continuar a súa formación postobrigatoria (Bacharelato, Ciclos Formativos ou Estudos Universitarios) nos centros educativos e na Universidade de Santiago de Compostela.

A proximidade xeográfica con Santiago de Compostela debería ser unha vantaxe para que esta mocidade poida seguir residindo no noso concello mentres se forma, evitando os elevados custos económicos que supón o alugueiro de vivendas ou residencias na capital galega, ademais de contribuír directamente a fixar poboación no rural e frear o despoboamento de Touro.

Porén, na actualidade, os horarios das liñas de transporte de viaxeiros por estrada que comunican o concello de Touro con Santiago son incompatibles cos horarios lectivos de moitos centros de ensino. Esta carencia e falta de coordinación horaria obriga ao alumnado e ás súas familias a realizar desprazamentos en vehículos particulares ou, en moitos casos, a trasladar a súa residencia fóra do concello ante a imposibilidade de empregar o transporte público colectivo.

É a Xunta de Galicia a que ten as competencias e a responsabilidade de xestionar o transporte escolar e metropolitano e adaptar as diferentes rutas as necesidades das o dos usuarios pero o concello debe ser un axente activo que traslade as demandas dos usuarios/as a administración autonómica na procura de solucións que garantan a igualdade de oportunidades para os nosos veciños e veciñas, especialmente no referente ao acceso á educación e á mobilidade sostible.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Instar ao Goberno Local do Concello de Touro a iniciar, de maneira urxente, as xestións oportunas para solicitar unha reunión, na que estean representantes do goberno local, da ANPA e de pais e nais afectados, coa Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia para estudar a reestruturación e o axuste dos horarios das liñas de autobús que conectan Touro con Santiago de Compostela, garantindo frecuencias de ida a primeiras horas da mañá así como de volta ao remate das xornadas lectivas, co obxectivo de facelos totalmente compatibles cos horarios dos centros educativos da capital galega.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida moción, resultando aprobada pola unanimidade dos dez concelleiros que asisten á sesión (4 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), sendo once o seu número legal de membros.

6.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ESTUDO DA MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA

O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao defendeu e expuxo a Moción para a mellora do transporte público. onde consta o seguinte tenor literal

O servizo de abastecemento de auga potable e saneamento é unha competencia propia e fundamental dos municipios, sendo un ben de primeira necesidade e un dereito humano fundamental, polo que a súa xestión debe guiarse polos principios de máxima eficiencia, sustentabilidade e rendibilidade social.

No Concello de Touro, este servizo vénse prestando mediante a modalidade de xestión indirecta a través dun contrato de concesión cunha empresa privada. Este contrato de concesión finaliza o seu período de vixencia no presente ano 2026.

O remate desta concesión abre unha oportunidade para que esta corporación avalíe o modelo de xestión máis eficiente, transparente e económico para as veciñas e veciños de Touro. A recuperación da xestión directa (municipalización) do servizo de auga permitiu en moitos outros concellos un maior control público sobre a calidade do servizo, a realización de investimentos directos na rede sen custos de intermediación e unha rebaixa ou contención das tarifas ao eliminarse o beneficio industrial da empresa concesionaria.

Para tomar unha decisión destas características coa máxima responsabilidade e rigor, é imprescindible dispor de informes técnicos e económicos independentes e exhaustivos que analicen a viabilidade das distintas formas de xestión legalmente previstas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno a adopción dos seguintes: ACORDOS

1. Instar ao Goberno Municipal de Touro a iniciar de inmediato os trámites para a realización dun estudo integral de viabilidade técnica, xurídica e económica sobre a recuperación da xestión directa (municipalización) do servizo de abastecemento de auga e saneamento no municipio.

2. O devandito estudo deberá incluír, como mínimo unha auditoría do estado actual das infraestruturas e redes, unha análise comparativa de custos de explotación entre xestión directa e indirecta e un plan de investimentos necesarios a medio e longo prazo.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida moción, resultando aprobada pola unanimidade dos dez concelleiros que asisten á sesión (4 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o concelleiro do PG, o concelleiro do BNG e o concelleiro non adscrito), sendo once o seu número legal de membros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

7 ROGOS E PREGUNTAS.

Pola presidencia maniféstase que ante a ausencia do alcalde, tomarase nota das preguntas e serán respondidas no seguinte Pleno.

- O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro di que por cuestión práctica en lugar de formulalas agora deixámolas para o Pleno seguinte.

- O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao di que o outro día déronme un folleto o día da Feira, onde poñía que Cobres San Rafael ía facer un estudo, unha enquisa, unha consulta, urnas e que esta ían estar nas casas consistoriais dos concellos de O Pino e Touro, quería saber se pediu autorización Cobre San Rafael, se se negociou algo o se se lle deu autorización.

Contestou o Concelleiro non adscrito, dicindo que ten coñecemento do tema xa fixemos público nos medios que non se lle deu autorización e a propia empresa di que o Concello de Touto non lle deu autorización para a colocación da urna.

O secretario-interventor di que formalmente no Rexistro non consta ningunha solicitude.

O Concelleiro non adscrito di que o Concello non é a sede de ningunha empresa.

*** As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos

https://www.youtube.com/watch?v=PjJXJV4YlaM

*** As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000011 e identificado pola pegada dixital: 465a8d58019a570efa0dc890305bdeefd72342897d77ec951916e45fe6e76734**

Minutaxe

EXPEDIENTE 2026/G010/000010. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 15 de setembro de 2026. Aprobación da acta da sesión.

00.01 EXPEDIENTE 2025/A008/000057. Rehabilitación de escola infantil para vivenda no lugar de As Goritas, Concello de Touro. (POS Adicional 4/2025). Aprobación modificado de proxecto.

09.04 EXPEDIENTE 2026/G016/000001. Ordenanza reguladora da taxa de abastecemento de auga municipal. Modificación do artigo 28 (tarifas para o ano 2027).

10.06 EXPEDIENTE 2026/T017/000001. Conta Xeral 2025. Aprobación.

13.52 EXPEDIENTE 2026/G006/000236. Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de setembro e o 4 de outubro de 2026.

14.11 Moción do grupo Municipal do BNG para a mellora do transporte público.

23.11 Moción do grupo Municipal do BNG para o estudo da municipalización do servizo de subministro de auga

29.27 Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.33 horas do 8 de outubro de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Rebeca María Codesido Barreiro, presidenta da sesión

CVD: QrRfWPJbZFb8GvulsPQS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/